

BANDA DE GAITAS PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Recentemente a Deputación Provincial de Pontevedra asinou un convenio coa asociación “Banda de gaitas provincia de Pontevedra” destinado a creación e posta en marcha de catro escolas de gaitas e percusión distribuídas en catro zonas: Sur, Centro, bisbarra do Salnés e bisbarra do Deza, na actualidade este número xa se incrementou cunha nova escola situada en Cangas.

A Asociación de Gaiteiros Galegos, quere manifestar que sempre serán os primeiros en alabar e apoiar calquera iniciativa que se tome dende as distintas institucións públicas encamiñadas a facilitar e apoiar o **ensino da música tradicional**, sempre e cando, sexan levadas a cabo dunha maneira transparente e despois dun proceso de selección público con todas as garantías e publicidade.

O convenio suscrito entre a Deputación e esta asociación foi aprobado no pleno do día 14 de febrero **FORA DO ORDE DO DÍA, e previa declaración de urxencia** . Dende a Asociación de Gaiteiros Galegos non cremos que este sexa o camiño adecuado para destinar unha partida de 90.000,00€ no ensino da música tradicional, e denota un amplo descoñecemento da realidade cultural da provincia de Pontevedra

Todo nos fai pensar que en ditas escolas daranse aspectos como os que a continuación detallamos:

- Ditas escolas de gaita *subvencionadas con cartos públicos destinados, en teoría, para a cultura galega* mostrarán unha gaita que non é galega, composta por tres rancos colocados verticalmente, ao igual que as gaitas escocesas. Ademais, a técnica de execución ensinada é completamente allea á nosa tradición musical.
- A percusión utilizada neste tipo de formacións é exactamente a mesma que a percusión utilizada en Escocia, percusión de plástico de alta tensión, rexeitando a nosa percusión tradicional galega tambor e bombo de pel, pandeiretas, cunchas, tarrañolas, charrascos.). Tamén no caso da percusión son empregadas técnicas claramente non tradicionais, ignorando -de xeito intencionado- a riquísima cultura existente neste campo.
- O carácter marcial e militarizado que adoptan estas bandas en ningún momento se achega ao carácter propio da nosa música tradicional.
- O modelo escollido para estas escolas é o mesmo que o que utiliza desde hai anos a Deputación Provincial de Ourense, modelo do que é coñecido públicamente o dano que ocasionou á música tradicional nesa provincia.

- Os métodos de ensino utilizados nestas escolas son totalmente parciais e persiguen a alineación e uniformidade do alumno ou alumna nunha banda de gaitas, non adquirindo unha formación completa e integral do alumnado con respecto á música tradicional galega.

Con relación a actividade musical tradicional na provincia de Pontevedra, dende hai moitos anos a provincia e referente en canto o ensino reglado da nosa música, ben a través do conservatorio superior de música de Vigo, a Universidade Popular de Vigo ou no mais recente conservatorio Folque de Lalín. Ademáis destas institucións hai numerosas escolas municipais, así como multitude de asociacións culturais que se encargan de impartir aulas en todos os concellos da Provincia. Podemos afirmar que calquera persoa desta provincia sen ningún tipo de limitacións pode acceder o ensino da nosa música tradicional.

Na provincia de Pontevedra son moitas as bandas de gaitas que utilizan instrumentos tradicionais galegos e basan as súas ensinanzas na nosa técnica de execución

A riqueza de matices e visións que aportan as numerosas agrupacións de distinto tipo da provincia fan desaconsellable volcarse nunha única agrupación, e cremos que sería de mais proveito apoiar as iniciativas xa existentes que veñen traballando dende fai moitos anos no ámbito da música tradicional galega.

Sería unha enorme decepción que as institucións públicas apoiaran o proxecto sen ter brindado con anterioridade ese apoio ás actividades musicais tradicionais levadas a cabo na provincia.

Con este escrito queremos mostrar a postura da Asociación de Gaiteiros Galegos reiterando o noso apoio a calquera forma de ensino da nosa música tradicional e a nosa oposición a calquer intento de confundir os galegos tentando pasar por noso algo que nos é alleo. Así mesmo poñémonos á vosa disposición para o que queirades.

Atentamente.

Santiago Caneiro. Presidente da AGG.

www.gaiteirosgalegos.com

gaiteirosgalegos@gaiteirosgalegos.com